

ANTECEDENTES

Antes de que formáramos o grupo Muxicas é preciso expoñer as circunstancias que desembocaron na súa creación. E esta é a prehistoria de Muxicas

Año 1976.

No grupo de baile “Lembranzas Galegas” de Vigo toca, como grupo de gaitas acompañante, “Airiños do monte” de Sampaio - Lavadores, formado polo seu director Xosé Cabrera “Pucho” e os gaiteiros e percusionistas ocasionais que chamaba para as actuacións que contrataba e ós que logo pagaba. Como gaiteiros contaba (entre outros) con Pepe “Pan de Millo” ou Manuel Solla “O cangueiro”. No tamboril podían estar (entre outros) Pepe “Pirelo”, Felu, Carlos “O ghaliña”, Manolo “Rin-Rin” ou Pucho mesmo se as circunstancias o requirían. No bombo Pepe “O gható”, Mauro ou Silveira. E na pandeireta tanto podía estar “Machiño” como Antón Cabaleiro. E tantos outros dos que lamentablemente agora mesmo non me lembro.

Neste ano incorpórase a Lembranzas Galegas Xosé Manuel Fernández como gaiteiro e pandereteiro, e fichao Pucho para tocar no seu grupo nas festas, nas Xiras Nocturnas pola ría de Vigo e nas festas da Queimada que facía Mariano (o creador do esconxuro da queimada) na discoteca Fausto.



Pepe “Pan de Millo”, Pucho, bombeiro non identificado (bombo de Froles Mareliñas), Xosé Manuel Fernández e Manolo “Rin-Rin”



Silveira, Pucho, Xosé Manuel, Manolo RinRin e Pan de Millo

Ano 1977.

Neste ano en Lembranzas Galegas acórdase formar un grupo de gaitas propio, e non contratado. Dado que as condicións ofrecidas non son aceptadas por “Pucho” e declina continuar, o entón secretario de Lembranzas Galegas, Xosé Fernández Lago (pai de Xosé Manuel Fernández) decide buscar a un gaiteiro para completar xunto co seu fillo e máis Manolo RIN-RIN, Silveira e Emilio Sotelino o grupo de gaitas requirido. Plantéxanse diversas opcións, descartando unhas e non podendo facer posible a integración noutras, por diversos motivos.



José Fernández Lago, secretario de Lembranzas Galegas, e pai de Xosé Manuel Fernández.

É nese momento que lembra un episodio acontecido poucos meses antes: nunha actuación de “Airiños do Monte”, tocando Pucho, Pepe Pan de Millo, Xosé Manuel Fernández, e un tamborileiro e un bombeiro que non podo precisar, na casa parroquial de San Pedro de Sárdoma, presentouse atraído polo son das gaitas un veciño desa parroquia. Pucho preséntanolo como Nazario González “Tito”, gaiteiro non en activo e convídao a tocar un par de temas coa súa nova fichaxe: Xosé Manuel. Botan un par de temas e aí acaba o conto. Nese momento.

A Xosé Fernández Lago, secretario de Lembranzas Galegas, ocórreselle que se cadra pode ser interesante localizalo de volta, xa que non estaba tocando con ninguén, para invitalo a participar e darlle a oportunidade de entrar a formar parte do grupo. En definitiva para integrarse en Lembranzas Galegas xunto con Manolo “Rin-Rin”, Silveira, Emilio Sotelino e Xosé Manuel Fernández. Nun principio o bombo tócao Silveira quen, dado a súa condición de presidente de Lembranzas, non considera oportuno seguir a figurar como bombeiro. Nese momento incorpórase como bombeiro Xoán Somoza.



Moxenas e Xosé Manuel con gaitas de Pontareas e Manolo RIN-RIN e Silveira